



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Jose Antonio Pereira Gil, alcalde do concello da Baña, á data da sinatura dixital, en presenza do secretario de dito concello, emito o seguinte decreto:

Asunto: Delegación de funcións de Alcaldía relativas á representación do Concello da Baña fronte a Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega.

Expte. TEDEC: 2023/G005/000001 (Delegación)

Expte. TEDEC: 2023/G003/000787 (Decreto)

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre os procedementos aos que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto que o Alcalde deste Concello, D. José Antonio Pereira Gil, ten delegado na súa Tenente de Alcalde as competencias en materia de normalización lingüística.

Visto que, polo tanto, no canto do Alcalde, a representación deste Concello ante a Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega, con CIF G70583596, será realizada pola súa Tenente de Alcalde, dona Mónica González Blanco.

Visto o réxime de delegacións das funcións da Alcaldía recollidos no referido artigo 23 da Lei 7/1985 así como nos artigos 44 e 47 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:

Primeiro: Delegar na Tenente de Alcalde, dona Mónica González Blanco, a titularidade das funcións que lle corresponden á Alcaldía ós efectos oportunos da representación na Asemblea da Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega, con CIF G70583596, así como calquera outras relacionadas con esta asociación.

Segundo: Declarar que a delegación conferida se poderá revogar en calquera momento.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Terceiro: Publicar o presente decreto conforme ao establecido no art. 44.1 do ROF e notificar á interesada.

Mándao e asíno o señor alcalde, e ordena darlle traslado ao departamento correspondente para a súa incorporación ao expediente do que eu Secretario- interventor, Ricardo Garrido Caneda, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE